

PROGRAMA-CALENDARIO

CURSO

A ORIXE DO SÉCULO XXI

Transformacións da imaxe e o cine contemporáneos (1990-2010)

24 outubro 2013 – 8 maio 2014

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Lugar: salón de actos

Horario: xoves, de 19.30 a 21.00

Impartido por José Manuel López, coa colaboración de relatores invitados nalgunhas das sesións

PRAZAS LIMITADAS. INSCRICIÓN E MATRÍCULA a partir do 10 de setembro

A chegada do século XXI non só non supuxo a enésima “morte do cine”, senón que inaugurou a última (por agora) das súas moitas vidas. Unha nova etapa de apaixonantes transformacións tecnolóxicas (cine dixital, 3D, distribución por internet...), xeográficas (eclosión do cinema asiático, africano, latinoamericano ou dos países do leste), de cambios no propio estatuto das imaxes (imaxe dixital vs. imaxe fílmica) ou na súa imparable expansión cara a outras pantallas (ordenadores, dispositivos portátiles, pero tamén museos ou galerías de arte).

Este curso propón un amplo percorrido polo cambiante mundo da imaxe e o cine das dúas últimas décadas —nas que o cinematógrafo, ademais, cumpriu os seus primeiros cen anos de historia— e as súas transformacións estéticas, narrativas, tecnolóxicas ou políticas. E faino sen perder de vista nin a súa historia nin os seus referentes: do cine clásico á modernidade europea, pasando polo Novo Hollywood dos 70, e sen pecharse a unha concepción máis ampla da imaxe en movemento, incorporando as series de televisión, a videoarte, os videoxogos, o videoclip, ou internet, como formas (ou medios) equiparables na iconosfera contemporánea.

Prezo de matrícula

- 180€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.
- Descontos especiais por inscrición en 2 e 3 cursos

Para este curso, no marco do convenio asinado pola Universidade de Vigo e a Fundación MARCO, está autorizado o recoñecemento de 2 créditos de libre elección e 1 crédito ECTS para alumnado da Universidade de Vigo.

A ORIXE DO SÉCULO XXI

Transformacións da imaxe e o cine contemporáneos (1990-2010)



CALENDARIO E PROGRAMA

NOTA: durante a tempada 2013-14, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá curso os seguintes xoves: 14 de novembro, 5 e 26 de decembro, 2 de xaneiro, 17 de abril.

Sesión 1 (xoves 24 outubro)

A orixe de todos os séculos: unha (posible) introdución a dúas décadas convulsas

No ano 2000, o Festival de Cannes encargou a Jean-Luc Godard unha curta para celebrar a entrada do cinema no século XXI. Godard, como era de esperar, entregou un OVNI (Obxecto Visual Non Identificado) titulado *Da orixe do século XXI (para min)*. A curta percorre as sucesivas guerras e catástrofes que asolaron o século XX pero tamén algunhas das súas películas máis belas. Dese rozamento entre cinema e historia xorde a obra de Godard, por suposto, pero tamén todo o cinema. Se entendemos o cine da modernidade como un "cine despois de Auschwitz", o do século XXI sería "un cine despois do 11-S", que alterou non só a nosa realidade senón tamén todas e cada unha das nosas ficcións.

Sesión 2 (xoves 31 outubro)

(Neo)realismo: Abbas Kiarostami e a Nova Onda Iraní

Relator invitado: **Farshad Zahedi**. Profesor Universidad Carlos III de Madrid

E un novo cine chegou da vella Persia. En 1990, o Festival internacional de Pésaro dedicou unha retrospectiva ao cine iraniano formada por vinte longametraxes e dúas curtametraxes, o que abriu o camiño para o descubrimento desta cinematografía pola crítica (e, posteriormente, o público) occidental. Un cinema de corte social interesado na realidade e os asuntos cotiáns dos seus protagonistas que, en plena posmodernidade, formulaba certo retorno ás fórmulas do neorealismo italiano de posguerra. Así, coñecemos cineastas como Mohsen Makhmalbaf, Jafar Panahi ou, sobre todo, Abbas Kiarostami, un cineasta excepcional ao que dedicaremos exclusivamente esta sesión.

Sesión 3 (xoves 7 novembro)

Deflacións narrativas: cara a un cine do silencio, o baleiro e a soidade

Segundo Alfred Hitchcock, "O drama é a vida sen as partes aburridas" e as súas películas son boa proba diso. Pero a modernidade encargouse de poñer en cuestión estas e outras máximas da narrativa "clásica". Dende entón sucederon moitas cousas, pero nas dúas últimas décadas asistimos ao afianzamento dun cinema contemplativo, mínimo e despojado, que atopou no silencio e no corpo dos actores —errantes, solitarios, enfrontados a un ámbito inhóspito— a base das súas historias morosas e despojadas. Unha narrativa que foxe da inquietude do acontecemento para abrazar a quietude da duración. Esta corrente transnacional recibiu varios nomes: "estética do lento", "cinema contemplativo", "cinema minimalista", "cinema do silencio" ou "cinema do baleiro"; pero, sexa cal sexa a súa denominación, nesta sesión buscaremos as constantes na obra de cineastas como Tsai Ming-liang, Pedro Costa, Kelly Reichardt, Gus Van Sant, Jia Zhang-ke, Vincent Gallo, os irmáns Dardenne, Apichatpong Weerasethakul, Naomi Kawase, Claire Denis ou Lisandro Alonso. Entre todos deron forma ao cinema de autor do século XXI, o tamén chamado cinema de festival.

Sesión 4 (xoves 21 novembro)

Do haluro de prata ao píxel: a senda dixital do cinema contemporáneo

O celuloide morreu pero o cinema está cada vez máis vivo. A finais dos noventa, o auxe tecnolóxico e a miniaturización das cámaras dixitais permitiu que, por un lado, calquera persoa tivese acceso a unha cámara DV (Dixital Video), un estándar de vídeo de baixa definición que se converteu, por exemplo, na ferramenta de traballo de innumerables documentalistas e, en xeral, de calquera produción de baixo orzamento. Por outro lado, a alta definición dixital apoderouse das grandes producións dos estudos cinematográficos (un camiño que culminaría na irrupción do 3D) pero tamén foi inmediatamente posta ao servizo de cineastas cunha visión persoal, como Michael Mann ou David Fincher, que viron nela un novo camiño para contar as súas historias. Nesta sesión faremos, pois, un percorrido polo cinema dixital de alta definición (cinema de atraccións, grandes producións, *Corrupción en Miami* de Michael Mann ou *Zodiac* de David Fincher) e tamén polo de baixa definición (non ficción, cinema independente, David Lynch e o seu *Inland Empire* ou Jean-Luc Godard e o seu *Elogio del amor*), comparando os seus métodos de produción e as súas posibilidades estéticas.

Sesión 5 (xoves 28 novembro)

Imaxes da ausencia, ausencia de imaxes: cinema e holocausto(s)

Dende a fundacional e monumental *Shoah* (Claude Lanzmann, 1985) o cinema enfrontouse en múltiples ocasións á pregunta de como representar o irrepresentable ou como contar en imaxes —xa sexa dende a ficción ou dende o documental— o acontecido en guerras, xenocidios, atentados ou outros eventos históricos traumáticos. Unha cuestión ética fundamental que inquire directamente á propia ontoloxía da imaxe e que se atopa na base de películas como *Sobibór, 14 octubre 1943, 16 heures* (Claude Lanzmann, 2001), *S-21: la máquina de matar de los jermes rojos* (Rithy Panh, 2003), *La cuestión humana* (Nicolas Klotz, 2007), *El abogado del terror* (Barbet Schroeder, 2007), *Vals con Bashir* (Ari Folman, 2008), *Mudanza* (Pere Portabella, 2008), *Videomappings: Aida, Palestine* (Till Roeskens, 2009, Francia, 46 min), *48* (Susana de Sousa Dias, 2009), *The act of killing* (Joshua Oppenheimer, Christine Cynn, 2012) ou *La noche más oscura* (Kathryn Bigelow, 2012).

Sesión 6 (xoves 12 decembro)

Novas pantallas, novas narrativas

Hoxe podemos —e temos— que gravalo todo. A democratización e miniaturización dos dispositivos de captura de vídeo — cámaras dixitais, móbiles, tabletas...— e a multiplicación das pantallas dispostas a recibir ese novo fluxo audiovisual trouxeron consigo un cambio radical de paradigma no estatuto das imaxes. Nesta sesión achegarémonos ao impacto que tivo este novo réxime da imaxe e á influencia desta nova estética "en bruto" en películas comerciais como *Monstruoso* (Matt Reeves, 2008), *Redacted* (Brian de Palma, 2007), *[Rec]* (Jaume Balagueró, Paco Plaza, 2007), *Chronicle* (Josh Trank, 2012), *Distrito 9* (Neill Blomkamp, 2009) ou *Project X* (Nima Nourizadeh, 2012).

Sesión 7 (xoves 19 decembro)

Novas formas do documental e a non ficción

Relator invitado: **Gonzalo de Pedro**. Ex-programador do festival Punto de Vista de Pamplona e actual Director artístico do Festival online <http://www.margenes.org>

A falsa fronteira que separou tradicionalmente a ficción do documental é hoxe máis débil que nunca. O cine documental estase a apropiarse de formas e estratexias do cine de ficción e este, á súa vez, adopta cada vez máis recursos do cine documental (cámara en man, uso de non actores, rodaxes clandestinas...). O resultado é un panorama difuso e estimulante no que as prácticas e as etiquetas se confunden: ficción e realidade, documental e ficción, ficción e non ficción, rexistro e representación, verdade e mentira. Onde rematan uns e comezan os outros? Para tratar de responder a esta pregunta, achegarémonos á inabarcable práctica da non ficción actual a través de películas como *En construcción* (José Luis Guerín; 2001), *Color perro que huye* (Andrés Duque, 2010), *Los rubios* (Albertina Carri, 2003), *Profit Motive and the Whispering Wind* (John Gianvito, 2007), *Misterioso objeto al mediodía* (Apichatpong Weerasethakul, 2000), *The Wild Blue Yonder* (Werner Herzog, 2005) ou *Al oeste de los riles* (Wang Bing, 2003).

Sesión 8 (xoves 9 xaneiro)

USA XXI. A xeración norteamericana do cambio de século

O cinema de Hollywood entrou no século XXI da man dunha xeración de novos directores nados entre as décadas dos sesenta e setenta. Nas dúas décadas que constitúen o marco de este curso, nomes hoxe indiscutibles como David Fincher, Paul Thomas Anderson, David Gordon Green, Christopher Nolan, Vincent Gallo, Spike Jonze, Quentin Tarantino, Richard Linklater, Wes Anderson, Sofia Coppola, James Gray ou Charlie Kaufman entregaron unha serie de películas fundamentais para entender os camiños do cinema norteamericano do século XXI.

Sesión 9 (xoves 16 xaneiro)**Cinema e museo I: as dúas beiras da imaxe contemporánea**

Nas dúas últimas décadas, as fronteiras que separaban as categorías canónicas da imaxe foron finalmente abolidas. O acto de ver unha película deixou de ser un fenómeno exclusivo das salas de cine: ordenadores, móbiles e tabletas son algunhas desas novas pantallas, pero nesta sesión achegarémonos a outro fenómeno clave: a progresiva incursión do cinema nos museos e as galerías de arte. Cine expandido, cine exposto, cine no museo, *gallery film*, *screen art*.. son múltiples os nomes que reciben as hibridacións entre as dúas beiras da imaxe en movemento contemporánea. Pero o tránsito entre ambas as dúas beiras é de dobre sentido. Así, atopamos videoartistas que dan o salto ao cinema (Douglas Gordon, Shirin Neshat, Steve McQueen, Daniel Cockburn, Athina Rachel Tsangari, Sam Taylor-Wood) e cineastas que desembarcan no museo (Abbas Kiarostami, Apichatpong Weerasethakul, Tsai Ming-liang, Chantal Akerman, José Luis Guerín, Víctor Erice, Isaki Lacuesta...)

Sesión 10 (xoves 23 xaneiro)**Cine e museo II: Chris Marker, a mirada de Orfeo. Tralos pasos de Hitchcock**

Relator invitado: **Alberto Ruiz de Samaniego**. Crítico cultural e profesor de Estética e Teoría das artes na Universidade de Vigo

Como complemento á sesión anterior, e aproveitando a feliz coincidencia da exposición que o Centro Nacional de Arte e Cultura Georges Pompidou lle está dedicando a Chris Marker, Alberto Ruiz de Samaniego introduciranos na figura do pensador, escritor, (cine)ensaísta, (vídeo)artista e, por suposto, gran cineasta francés. Unha figura fundamental que atravesa a historia do cinema dende a modernidade (como axente libre da *Rive Gauche* da Nouvelle Vague) ata a súa morte en 2012, e un dos primeiros "homes do cine" en explorar as posibilidades multimedia da imaxe, a súa proxección aos contornos virtuais do ciberespazo e a colonización deses vellos espazos tan novos para o cinematógrafo: os museos e as galerías.

Sesión 11 (xoves 30 xaneiro)**Estradas perdidas da mente: as películas-puzle de David Lynch**

Alguén afirmou unha vez que o cinema alcanza a súa máxima potencialidade cando máis se achega aos sonhos (ou aos pesadelos, podería engadirse). Labirínticos, fragmentarios, caóticos, desafiantes, os *mind-game* films ou películas-puzle de David Lynch propoñen ao espectador unha viaxe polos camiños da mente humana e, en ocasións, polos do propio cinema. Protagonista, director e espectador (con)fundidos nun mesmo marasmo de imaxes, sons e ideas. O cinema, a grande (e frustrada) esperanza dos surrealistas: "Se o cinema non está feito para traducir os sonhos ou todo o que na vida en vixilia pertence ao dominio dos sonhos, o cinema non existe", afirmou Antonin Artaud. Pero existe, claro está, e buscarémolo "na triloxía de Los Ángeles" de Lynch (*Carretera perdida*, *Mulholland Drive*, *Inland Empire*), sen perder de vista a outros compañeiros de viaxe como David Cronenberg (*Spider*, *Crash*), Park Chan-wook (*Oldboy*), Richard Linklater (*Waking Life*) ou Christopher Nolan (*Memento*, *Origen*).

Sesión 12 (xoves 6 febreiro)

O cine dentro do cine (e a televisión dentro da televisión)

Que unha película fale de si mesma ou, por extensión, do propio cinema non é, dende logo, un fenómeno recente. O teatro ou a novela seguiron antes ese camiño pero, centrándonos no cinema, é posible remontarse, por exemplo, a *El moderno Sherlock Holmes* (1924) de Buster Keaton ou aos novos cines da modernidade que foron, en maior ou menor medida, autoconscientes. Pero foi a chamada posmodernidade a que colocou ao dispositivo cinematográfico en primeiro plano e, dende entón, a metanarración —ese discurso mediante o cal un medio fala de si mesmo— converteuse en habitual no cinema e a televisión contemporáneos. Para demostralo, nesta sesión manexaremos exemplos como *Close-Up* (Abbas Kiarostami, 1990), *El Show de Truman* (Peter Weir, 1998), *Goodbye Dragon Inn* (Tsai Ming-liang, 2003), *Inland Empire* (David Lynch, 2006), *De la guerre* (Bertrand Bonello, 2008), *Death Proof* (Quentin Tarantino, 2007), *Fantasma* (Lisandro Alonso, 2006), *Irma Vep* (Olivier Assayas, 2006) ou as series de TV *Community* (Dan Harmon, 2009-) e *The Big Bang Theory* (Chuck Lorre e Bill Prady, 2007-).

Sesión 13 (xoves 13 febreiro)

Inflacións narrativas: os *blockbusters* e o novo cinema de atraccións

Relator invitado: **Ángel Quintana**. Profesor de Historia e Teoría do Cine, Universidad de Girona

Harder, Better, Faster, Stronger, dicía o tema dos Daft Punk. O recente cinema de atraccións é unha constante aposta suicida cara ao non vai máis da pirotecnia dixital dos CGI (Computer Generated Imagery, Gráficos Xerados por Ordenador). Nada novo baixo o sol de Hollywood —nin sequera o 3D, unha técnica fotográfica do século pasado— que sempre se pregou ante o *motto* do máis grande, máis forte, máis rápido e (non sempre) mellor. Pero, é posible salvar algunhas destas películas *bigger than life* ou todo queda en historias para adolescentes e nun vacuo exercicio exhibicionista (cando non pornográfico) de tamaño e orzamento? Ofrece, este novo cinema de atraccións dixital, algunha novidade narrativa con respecto ás superproduccións da década dos noventa? Existen, por exemplo, dentro da moda actual do cinema de superheroes, películas salvables ou, directamente, excelentes?

Sesión 14 (xoves 20 febreiro)

A penúltima eclosión do cinema asiático

Do León de Oro no Festival de Venecia obtido por *Rashomon* (Akira Kurosawa, 1950) ao de *Flores de Fuego* (Takeshi Kitano, 1997), parece que cada certo tempo redescubrimos que hai cinema máis alá de Occidente. Nas últimas dúas décadas, o mapa das cinematografías asiáticas agrandouse grazas, unha vez máis, a internet, pero tamén ao labor de busca e descubrimento dos festivais de cine. Así, é imposible entender o cinema contemporáneo sen falar de novas e riquísimas filmografías como as de Xapón, China ou Hong Kong, por suposto, pero tamén as de Corea do sur, Thailandia, Filipinas ou Taiwán, no seo da cal é posible atopar un potente cinema de xénero comercial — Xapón, Corea e Hong Kong especialmente— e un cinema de arte que circula habitualmente polos festivais internacionais. Nestes anos, o cinema asiático converteuse felizmente en ubicuo, polo menos para o cinéfilo curioso que puido descubrir a cineastas imprescindibles como Wong Kar-wai, Hayao Miyazaki, Hou Hsiao-hsien, Naomi Kawase, Apichatpong Weerasethakul, Takashi Miike, Jia Zhang-ke, Takeshi Kitano, Wang Bing ou Johnnie To.

Sesión 15 (xoves 27 febreiro)

Dous mestres contemporáneos: Hou Hsiao-hsien e Wong Kar-wai

Como complemento a sesión anterior, achegarémonos máis detidamente á obra de dous deses cineastas imprescindibles: Hou Hsiao-hsien (*Flores de Shanghai*, *Millenium Mambo*, *Café Lumière*) e Wong Kar-wai (*Chungking Express*, *Happy Together*, *Deseando ama*), dous creadores de formas puros que, sen perder de vista a tradición icónica dos seus lugares de orixe —Taiwán e Hong Kong, respectivamente— abriron non poucos dos camiños que percorre o cinema contemporáneo.

Sesión 16 (xoves 6 marzo)

Eloxio da inmadurez: Nova Comedia americana

Relator invitado: **Jaime Pena**. Programador do CGAI, Centro Galego das Artes da Imaxe

Nos últimos anos, un grupo de grandes comedias norteamericanas supuxo a confirmación definitiva do que deu en chamarse Nova Comedia Americana (NCA). Un cinema que se move entre a melancolía das películas puras de adolescentes (*Supersalidos*, *Adventureland* ou *Nick&Norah Infinite Playlist*), a incipiente amargura das películas de treintañeros que un día se dan conta de que o son (*Lío embarazoso*, *Pineapple Express* ou *Jacuzzi al pasado*), ou as películas máis canallas de adolescentes tardíos que se resisten a adaptarse á vida adulta (*Zoolander*, *Escuela de Rock* ou *Aquellas juergas universitarias*). É precisamente na inadaptación, a inmadurez e a inocencia destes personaxes postadolescentes onde atopamos a base da comedia absurda, física, atropelada e escatológica de Will Ferrel, Adam Sandler ou Ben Stiller, unha comedia próxima ao venerable *slapstick* onde a postura impúdica, o xesto contestatario ou o ricto pueril substituíron á palabra na creación do *gag*. Mecanismos de defensa, infantís se se quere pero cun punto de orgullosa inocencia, fronte a un mundo adulto e desapiadado do que, querámolo ou non, habemos de formar parte.

Sesión 17 (xoves 13 marzo)

Do crepúsculo ao abrente: o *Western* contemporáneo

Dende que John Ford asinase a acta de defunción da súa etapa clásica en *El hombre que mató a Liberty Balance* (1962) e dos seus (marabillosos) estertores crepusculares da man de Sam Peckinpah ou Sergio Leone, o *Western*, un dos xéneros fundacionais non solo do cinema norteamericano senón tamén do imaxinario mítico de EE.UU, fora desaparecendo progresivamente das pantallas. Tras o renacemento comercial que supuxo *Bailando con lobos* (Kevin Costner, 1990) e, especialmente, a súa reactualización autoral levada a cabo por Clint Eastwood en *Sin perdón* (1992) o *Western* na década dos noventa reconquistou parte do territorio perdido. Para esta sesión centrarémonos nesa segunda vertente —a autoral— e en películas como *Dead Man* (Jim Jarmusch, 1995), *La propuesta* (John Hillcoat, 2005), *El asesinato de Jesse James por el cobarde Robert Ford* (Andrew Dominik, 2007), *Pozos de ambición* (Paul Thomas Anderson, 2007), *Valor de ley* (Joel Coen y Ethan Coen, 2010), *Meek's Cutoff* (Kelly Reichardt, 2010) ou a serie de TV *Deadwood* (David Milch, 2004-2006).

Sesión 18 (xoves 20 marzo)

Centauros da cidade: Michael Mann e o *thriller* contemporáneo

A partir das últimas películas de Michael Mann realizaremos un percorrido polas derivas do *thriller* contemporáneo, con especial atención aos seus escuros protagonistas; unha nova fornada de antiheroes taciturnos, crepusculares, solitarios e escuros: os protagonistas de Michael Mann en *Collateral* (2004) ou *Miami Vice* (2006), o Val Kilmer de *Spartan* (David Mamet, 2004), o Tony Leung de *Infernal Affairs* (Lau Wai-keung e Alan Mak, 2002), o Matt Damon da triloxía orixinal de Jason Bourne (2002, 2004, 2007) ou o novo James Bond interpretado por Daniel Craig (2006, 2008, 2012). E se saltamos a televisión atoparemos, por exemplo, ao Kiefer Sutherland de *24* (Joel Surnow e Robert Cochran, 2001-2010), ao Kenneth Branagh de *Wallander* (2008-2012) ou ao Idris Elba de *Luther* (Neil Cross, 2010-2013).

Sesión 19 (xoves 27 marzo)

A nova ficción televisiva: de *Twin Peaks* a *Breaking Bad*

Relator invitado: **Carlos Reviriego**. Coordinador sección cine de *El Cultural* de *El Mundo* e docente de Estética do Cine na Escuela Universitaria TAI, Madrid

Ou de *Doctor en Alaska* a *Fringe*, de *A dos metros bajo tierra* a *The Wire*, de *Expediente X* a *Los Soprano*, ou de *El ala Oeste de la Casa Blanca* a *Mad Men*. Cada espectador é libre de elixir por onde empezar e por onde rematar o seu percorrido polo que deu en chamarse "a idade de ouro" da series televisivas. Nalgún momento a cabalo entre o novo e o vello século, cando o cinema parecía cuestionar con maior intensidade a supervivencia do gran relato, a ficción televisiva descubriuse como unha reserva natural —especialmente na súa emisión por cable, con HBO á cabeza— onde aínda era posible contar historias. Así, as series convertéronse en monumentos á ficción que reescribiron a grande narración americana coas súas tramas-río e os seus elaborados mundos ficcionais, os seus repartos corais de xenealoxía trágica e a súa férrea convicción xenérica. Os guionistas —os seus verdadeiros *auteurs* ou *showrunners*— traballan con recursos dramáticos que, hoxe en día, só o carácter serial da televisión parece poder ofrecerlles: a digresión narrativa, o aprazamento da conclusión ou as accións non resoltas, a construción minuciosa e pausada de personaxes, as tramas acumulativas que evolucionan ao longo de varias tempadas, etc.

Sesión 20 (xoves 3 abril)

Adeus ás risas enlatadas: a comedia televisiva ábrese ao real

Pero, que acontece coa comedia, case sempre a grande esquecida cando se fala desta "idade de ouro" da ficción televisiva? Excelentes series cómicas como *Seinfeld*, *The Office*, *The Big Bang Theory*, *Modern Family*, *Curb Your Enthusiasm*, *I'm Alan Partridge*, *30 Rock* ou *Arrested Development* demostran que a comedia televisiva anglosaxona, e máis concretamente a comedia de situación ou *sitcom*, vive tamén a súa particular época de esplendor. As súas buscas discorreron, é certo, por camiños distintos e aparentemente máis modestos que os da ficción dramática, o que pode contribuir a ese esquecemento recorrente. En concreto, centrarémonos en como a venerable comedia de situación abriuse recentemente ás formas documentais para deixar penetrar á realidade nos seus, ata entón, pechados escenarios de ficción.

GALEGO

Sesión 21 (xoves 10 abril)

Todo é un remix: do cinema experimental a Quentin Tarantino

Remix: combinar ou editar material existente para producir algo novo. En calquera das súas formas, a remestura, reciclado, reutilización, inspiración, homenaxe ou plaxio son conceptos clave para entender o cinema contemporáneo. Nesta sesión faremos un percorrido tentativo polo "empréstimo" de imaxes: do cinema experimental e o cinema de apropiación, a Quentin Tarantino, pasando polo gusto de Hollywood pola secuela e o *remake*, chegando ata o "*remake* de autor" como *Psicosis* (Gus Van Sant, 1998) ou *Funny Games* (Michael Haneke, 2007) ou ao cineasta xaponés Nobuhiro Suwa e as súas reformulacións de *Viaggio in Italia* (Roberto Rossellini, 1954) ou *Hiroshima, mon amour* (Alain Resnais, 1959).

Sesión 22 (xoves 24 abril)

Cando o director era a estrela: Spike Jonze, Michel Gondry, Chris Cunningham

"Video Killed the Radio Star" cantaban The Buggles o que foi o primeiro vídeo emitido pola MTV o 1 de agosto de 1981. Porque, creámonolo ou non, houbo un tempo, no xa afastado final do século XX, no que a MTV emitía vídeos musicais. E os noventa foron un tempo feliz, no que os grandes directores de videoclips se converteron en verdadeiras *video stars*, eclipsando en ocasións os músicos ao servizo dos cales poñían o seu desbordante talento visual. Entre todos eles destacan Spike Jonze, Michel Gondry e Chris Cunningham, algo así como a santísima trinidad do videoclip dos noventa. Ao servizo de Björk, Aphex Twin, White Stripes, Madonna, Chemical Brothers, Daft Punk, Beastie Boys ou Weezer, estes tres creadores levaron esta forma audiovisual a cotas que non alcanzara anteriormente (e dificilmente rozará despois).

Sesión 23 (xoves 8 maio)

Isto (non) é todo, amigos: trazos e formas da animación contemporánea

Habitualmente minusvalorado, como a comedia ou o documental, a longa tradición do cinema de animación foi, en cambio, unha reserva de creadores libérrimos que traspasaron todas as fronteiras que impón a imaxe real (se é que se pode seguir falando nestes termos nestes tempos de realidades simuladas e imaxes virtuais). E fixérono mediante unha rica variedade de técnicas analóxicas ou dixitais: stop motion, rotoscopiado, animación tradicional, de recortes, etc. Técnicas que, en ocasións, o achegaron ao terreo do cinema experimental e o afastaron, dende logo, do ámbito infantil ao que adoita asociarse. Este é o caso de animadores como Bill Plympton, Jan Švankmajer, Michel Ocelot ou Michaël Dudok de Wit. Pero neste percorrido introdutorio ao cinema de animación das últimas dúas décadas, tampouco renunciaremos a glosar as marabillas do cinema de animación supostamente "para nenos", con especial atención á factoría de Hayao Miyazaki e Isao Takahata —o Estudio Ghibli— en Xapón. E de aí saltaremos a outros cineastas nipóns que levaron ao *anime* ata o público adulto como Katsuhiro Otomo, Satoshi Kon ou Mamoru Oshii.

NOTA: tanto o programa xeral como as sesións a cargo de relatores invitados poden sufrir variacións nas súas datas e contidos, en función da dispoñibilidade dos relatores e do propio desenvolvemento do curso.